



EXPEDIENTE 1284/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

CONVOCATORIA

II MOSTRA CREATIVA DO BAIXO MIÑO

Esta iniciativa, que se levará a cabo por segundo ano consecutivo e que xurde da colaboración do Concello da Guarda e Acontravento (marca de roupa local), pretende impulsar e dar visibilidade a gran cantidade de marcas e talentos creativos que temos na nosa localidade, pero tamén en toda a comarca do Baixo Miño, xa sexan de artesanía ou en formas mais modernas de expresión.

A Mostra ten como obxectivos o apoio do talento creador da nosa comarca e o fomento do consumo responsable e de proximidade, ao mesmo tempo que se propicia un lugar de encontro que permita a cooperación e colaboración entre as persoas responsables dos diferentes proxectos que participen da mesma.

A solicitude de participación na Mostra estará aberta a todas aquelas persoas que desexen presentar e/ou dar visibilidade ao seu proxecto,

Por todo o exposto ACORDO:

1º. Aprobar a convocatoria II MOSTRA CREATIVA DO BAIXO MIÑO do Concello da Guarda de acordo cas seguintes:

BASES

1ª.- A Mostra terá lugar o día 30 de Xullo de 2022, na praza de Avelino Vicente, na Guarda (Pontevedra). O horario será de mañá de 10.30h a 15.30h e de tarde de 18.30h a 22.00h.

2ª.- Os proxectos participantes deberán pertencer a persoas deseñadoras, marcas ou artesáns que teñan a súa sede social ou estean empadroados no Baixo Miño (A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño e Tui). Poderase solicitar documentación para a comprobación da condición de persoa empadroadada ou verificar a sede social do proxecto.

3ª.- Só se poderán mostrar creacións das propias persoas participantes.

4ª.- As persoas participantes deberán manter o posto montado durante todo o día. Durante o descanso, persoal da organización ocupará a vixilancia dos postos.





5ª.- A inscrición é gratuita, sendo aceptados os proxectos por orde de entrada e previa confirmación por parte da organización en función do grao de cumprimento das bases da presente convocatoria.

6ª.- O número estimado de participantes será de 25, estando esta cifra suxeita a variacións por parte da organización por motivos sanitarios ou loxísticos.

7ª.- A data límite de inscrición será o xoves 28 de xullo.

8ª. - Cada participante é responsable de levar o seu posto e de montalo, debendo informar sobre as dimensións e os elementos que o conformarán, por cuestións de distribución dos espazos. Dimensión máxima do espazo a ocupar 3x3m.

9ª. - Poderase compartir o mesmo posto por dous ou máis proxectos, sempre e cando ocupen o espazo máximo estipulado. No caso de compartir posto, cada proxecto deberá presentar a súa ficha de xeito individual indicando no apartado correspondente con quen comparte o posto.

10ª.- O horario para descargar e montar o día 30 de xullo será de 8:30 a 10:15h, e para a recollida de 22.00h a 23.00h, estando pechado o tráfico de vehículos durante as horas da mostra.

11ª.- Para a inscrición deberase enviar un correo electrónico a info@acontravento.gal coa ficha de inscrición cuberta e fotografías dos produtos ou servizos ofertados para a promoción en redes, así como o logotipo do proxecto.

12ª.- Toda persoa participante deberá cumprir coa normativa sanitaria vixente.

13ª.- Non poderán participar aqueles proxectos adicados á venda de comida e bebida.

O Alcalde
Antonio Lomba Baz
Documento asinado dixitalmente á marxe

